PACTO SOCIAL

TECIDO ASOCIATIVO

GUIA DE ACTUACIÓN FRONTE ÁS VIOLENCIAS MACHISTAS

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Índice

INTRODUCIÓN.....5

QUE SON AS VIOLENCIAS MACHISTAS?
E COMO PODEMOS IDENTIFICALAS?.....7

COMO ACTUAR DENDE A ASOCIACIÓN?.....11

FRONTE ÁS VIOLENCIAS INDIRECTAS.....12

FRONTE ÁS VIOLENCIAS DIRECTAS.....14

E A NIVEL INDIVIDUAL, COMO ACTÚO?.....15

SE VIVES.....16

SE PRESENCIAS.....17

SE CHE CONTAN.....20

SERVIZOS PÚBLICOS E GRATUÍTOS
AOS QUE PODES ACUDIR.....21

Introdución

As violencias machistas son un dos problemas máis graves e complexos da nosa sociedade. Son unha cuestión fondamente enraizada e estrutural que require da implicación de todas as persoas para a súa erradicación.

O Concello da Coruña, na procura dun modelo de convivencia máis igualitario e xusto, impulsou o **Pacto Social por unha Coruña Libre de Violencias Machistas**, a través do cal se está traballando conxuntamente coa cidadanía nunha estratexia de intervención fronte ás violencias machistas. Así, esta guía de actuación é unha das ferramentas concibidas para acadar dito obxectivo.

As **entidades do tecido asociativo** son unha das principais canles de participación cidadá e teñen un alto potencial de transformación social. Son espazos de socialización, onde interactúan as persoas que as conforman e, como reflexo da sociedade, as asociacións tamén poden ser escenario onde teñan lugar comportamentos, condutas e manifestacións das violencias machistas.

Deste xeito, a finalidade desta guía é proporcionar algunhas ideas e suxestións para a prevención, detección e actuación fronte ás violencias machistas dende o tecido asociativo e as persoas que o conforman.

Agardamos que sexa do voso interese e contribúa a facer das asociacións da Coruña espazos libres de violencias machistas e, polo tanto, acadar unha cidade máis igualitaria e xusta.

Que son as violencias machistas? E como podemos identificalas?

Son todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres, fillas/os ou menores vítimas de violencia de xénero e persoas LGTBIQA+, coa intención de sometelas e dominalas. Son consecuencia do **sistema patriarcal e heteropatriarcal** no que vivimos, cuxa estrutura social, política e cultural concede privilexios aos homes, e no que a norma reguladora de comportamento afectivo-sexual é a heterosexualidade.

As violencias machistas poden darse en forma de **violencias indirectas** e **violencias directas**.

Violencias Indirectas. Aquelas violencias 'invisibles', máis difíciles de recoñecer, posto que están máis normalizadas e naturalizadas. Diferenciamos entre **estruturais** e **culturais e/ou simbólicas**.

TIPOS DE VIOLENCIAS	QUE SON?	ALGÚNS EXEMPLOS...
Estruturais	Barreiras e obstáculos da propia estrutura social patriarcal e heteropatriarcal que limitan os dereitos e oportunidades das mulleres e persoas LGTBIQA+ no acceso e permanencia ao ámbito público, á vez que xeran fondas desigualdades na esfera do privado.	**División sexual do traballo.** Asignación de tarefas diferenciadas en base ao sistema sexo-xénero, estereotipos sexistas e roles de xénero.
		Segregación horizontal (concentración desigual de mulleres e homes por ámbitos temáticos e profesionais) **e vertical** (concentración desigual de mulleres e homes nos postos de maior prestixio, visibilidade e responsabilidade).
		Teito de cristal e chan pegañento. Obstáculos cos que se atopan as mulleres para o acceso a postos de maior poder e responsabilidade por mor de estereotipos sexistas e roles de xénero.
Culturais e/ou simbólicas	Actitudes, xestos, condutas e crenzas cuxo resultado implica a subordinación das mulleres e persoas LGTBIQA+, sostendo e lexitimando ás violencias estruturais e ás directas.	— Lexitimación dos estereotipos e roles de xénero tradicionais no reparto de tarefas en base ao sistema sexo-xénero. — Uso sexista da linguaxe. — Ocupación diferencial dos espazos e os usos dos tempos. — Uso de expresións, chistes e refráns sexistas.

Violencias Directas. Aquelas máis visibles e facilmente recoñecibles. Estes son algúns dos principais tipos: violencias físicas, psicolóxicas, sexuais e económicas.

TIPOS DE VIOLENCIAS	ALGÚNS EXEMPLOS...
Físicas	Intimidar co corpo; aproximarse dun xeito agresivo e/ou desafiante; labazadas; empuxóns; lanzar obxectos contra a persoa ou contra o chan; etc.
Psicolóxicas	Insultos; desprezos; humillacións; gritos; chantaxe emocional; golpear portas ou destruír obxectos ou espazos como ameaza; etc.
Sexuais	**Acoso sexual.** Achegamentos sexuais non desexados, solicitudes de favores sexuais, chantaxes e condutas verbais ou físicas con connotación sexual.
	Abuso sexual. Acto contra a liberdade sexual. Non se emprega violencia ou intimidación. Abúsase do poder ou da confianza que se ten sobre a outra persoa.
	Agresión sexual. Acto contra a liberdade sexual. Emprego da violencia ou intimidación para conseguir o sometemento.
Económicas	No ámbito da parella ou ex-parella: non deixar traballar; negarse a contribuír cos gastos do fogar; tomar todas as decisións relacionadas coa economía familiar; negarse a pagar a pensión alimenticia pese a contar cos recursos económicos para facelo; etc. No ámbito laboral: limitar a promoción interna dentro da empresa, etc.

As violencias directas **tamén se poden manifestar en forma de acoso por razón de sexo, orientación sexual, identidade e/ou expresión de xénero.**

Algunhas pinceladas sobre a magnitude das violencias...

1 de cada 2 mulleres maiores de 16 anos sufriu violencia nalgún momento da súa vida

Un **57,3%**

11.688.411 mulleres

Un **13,7%** foi vítima de violencia sexual

Só un **8%** denunciou a violencia sexual da que foi vítima fóra do ámbito da parella

Un **40,4%** sufriu acoso sexual

A discapacidade e a racialización constitúen unha fonte estrutural de discriminación que incrementa a violencia

1 de cada 4 de xeito reiterado

Só un **2,5%** denunciou os feitos

Fonte: Macroenquisa de Violencia contra a muller 2019, 2020

Un **42%** das persoas **LGTBIQA+** sufriu discriminación nos últimos 12 meses

4 de cada 10 en Europa

As **persoas trans** e **intersexuais** son as máis expostas ás violencias

Un **63%** sentiu discriminación nos últimos 12 meses

Os delitos contra a liberdade e a indemnidade sexuais aumentaron un 11,3% en España en 2020 respecto ao 2019, rexistrándose un total de 15.338 denuncias

Fonte: Balance de Criminalidade do Ministerio do Interior, 2021

Un **41%** sufriu acoso polo mero feito de ser **LGTBIQA+**

1 de cada 10 ataques foron denunciados.

Fonte: Enquisa EU LGTBI II 2019, 2020

Como actuar dende a asociación?

A mellor forma de facer fronte ás violencias machistas é **evitar que acontezan**. Para isto, é necesaria a **formación, capacitación e sensibilización,** así como integrar a perspectiva de xénero dun xeito transversal. É fundamental que a asociación non manteña unha posición neutral ante as violencias e estableza un ambiente asociativo seguro.

A continuación, recóllense algunhas **IDEAS PRÁCTICAS E SUXESTIÓNS** para...

PREVIR, DETECTAR, ACTUAR e, polo tanto, contribuír a erradicar as violencias machistas.

» Fronte ás violencias **INDIRECTAS...**

Incorporar a perspectiva de xénero e o enfoque interseccional en todos os ámbitos da asociación.

- **Revisar e modificar os Estatutos e regulamentos internos** para a incorporación da perspectiva de xénero e o enfoque interseccional.
- **Expresar** publicamente **o compromiso da asociación co fomento da igualdade.**
- **Incorporar no orzamento unha partida específica** para accións de igualdade, ou incorporar a perspectiva de xénero de maneira transversal nas partidas orzamentarias.

Poñer en marcha estratexias coas que fomentar a presenza de mulleres en postos de representación, liderado e toma de decisións, asegurando unha estrutura organizativa baseada na igualdade de oportunidades.

- **Establecer un sistema de cotas ou paritario** ou calquera outra medida que garanta a presenza de mulleres e outras identidades na estrutura organizativa.

Fomentar que os procesos de deliberación sexan máis participativos e promocionen a igualdade de oportunidades na toma de decisións.

- **Establecer de forma consensuada as normas para a toma de decisións** nas xuntanzas e nas asembleas, tornándoas en procesos máis transparentes.

Establecer un modelo asociativo que destaque máis os intereses comúns e a riqueza grupal cunha representatividade diversa.

- **Ter en conta a paridade e a participación equilibrada** nas accións externas da asociación ás que se asiste como participante e/ou representante.

Integrar prácticas e dinámicas que eliminen posibles barreiras discriminatorias e favorezan o apoderamento.

- **Utilizar estruturas circulares na distribución do espazo** e das persoas participantes, favorecendo unha maior horizontalidade e participación.

Implantar un sistema de reparto equitativo, igualitario e rotativo de todas as tarefas e funcións que se desempeñan dentro da asociación.

- **Definir ben todas e cada unha das tarefas que se realizan** no ámbito da asociación e **adoptar un sistema de rotación das mesmas**, especialmente das pouco valoradas (limpeza do local, avituallamento das reunións, etc.).

Analizar as dificultades para a conciliación entre a vida laboral, persoal, familiar e asociativa e adoptar medidas específicas dirixidas a facela posible.

- Procurar que os calendarios sexan máis estables e se difundan con suficiente antelación, e que as datas, horarios e lugares nos que se celebren **as xuntanzas se establezan baixo consenso**.
- **Fomentar o uso de ferramentas tecnolóxicas** para facilitar a participación daquelas persoas que teñan dificultades para acudir ás xuntanzas.

Empregar e promocionar un uso inclusivo e non sexista da linguaxe en todos os procesos comunicativos da asociación, así como entre todas as persoas que a integran.

- **Organizar cursos formativos** e/ou proporcionar información sobre recursos online para un uso non sexista e máis inclusivo da linguaxe.
- **Revisar a linguaxe e as imaxes** empregadas e adaptalas a unha forma máis inclusiva e igualitaria.
- **Rexeitar o emprego de interaccións sexistas, homófobas e tránsfobas.**
- **Nomear ás persoas polo nome, pronome e artigo que prefiran**, con independencia de como foron inscritas no rexistro civil.

» Fronte ás violencias **DIRECTAS...**

Exemplos de accións

- Crear unha **Comisión Técnica** ou figura similar responsable de intervir ante os casos de violencia de xénero e outras violencias machistas que se poidan dar no marco da asociación.
- Establecer un **protocolo** ou procedemento de actuación fronte a ditas violencias. Que aspectos básicos se deben ter en conta?
  - **A acollida de todas as queixas**, sen restarlle importancia a ningunha. Cómpre dispoñer dunha **caixa de correo específica** (en formato dixital e/ou física) para recoller todas as queixas, reclamacións ou denuncias en materia de violencias machistas formuladas tanto pola persoa afectada como por outras que sexan testemuña e/ou teñan coñecemento.
  - **A investigación e análise dos feitos.** Cómpre recadar información sobre o acontecido.
  - **A posta en marcha de medidas** de reparación, prevención e sensibilización para que os feitos non se repitan.
  - **O seguimento**, velando pola implementación das medidas e a análise da súa efectividade, e proporcionando acompañamento durante todo o proceso á persoa sometida á violencia.
  - **O rexistro de todo o acontecido**, sen esquecer que a información reunida debe ser confidencial. Isto é de utilidade para avaliar os feitos.

!

Que medidas de urxencia se poden tomar?

- Contactar directamente cos servizos especializados de urxencia e emerxencia.
  - Emerxencias – **112**
  - Policía Nacional – **091 | APP: AlertCops**
  - Policía Local – **092**
  - Atención a todas as formas de violencia contra as mulleres – **016**

E a nivel individual, como actúo?

Que fago
se son vítima?

Que fago
se presencio?

Que fago
se mo contan?

Con independencia da gravidade da situación, non ocultes o acontecido nin o circunscribas á esfera do persoal.

Se vives...

Atópaste nunha situación de emerxencia? Sentes perigo? Tes medo do que poida pasar?

Contacta inmediatamente cos servizos de emerxencia: **112** | **APP: AlertCops**

Se a violencia exercida contra ti non entraña perigo inmediato...

- **Enfróntaa.** Con voz firme e expresión seria, indícalle que cese o seu comportamento e faille saber que a situación che resulta ofensiva e violenta.
- **Busca apoio.** Se prefires non abordar a situación directamente, podes facelo a través dalgunha compañeira ou compañeiro e/ou acudir ás canles existentes dentro da propia asociación.
- **Infórmate.** Contacta cos recursos e servizos especializados para recibir información e asesoramento adaptado á túa situación persoal. Chama ao **016** ou concerta unha cita no **Centro de Información ás Mulleres (CIM)**.

Ao final desta guía recóllese información clave sobre os diferentes servizos de información e emerxencia aos que podes acudir.

- **Acumula probas.** Se a violencia á que estás exposta é continuada, toma nota dos feitos: datas, lugares, correos, mensaxes, testemuñas, etc.
- **Denuncia.** Acude á asociación e informa da situación para que se poidan emprender medidas. Tamén podes denunciar os feitos externamente acudindo á unidade especializada da Policía Nacional, á Fiscalía, ou ao Xulgado.

Se estás sufrindo violencia é fundamental que o poñas en coñecemento. Coa denuncia pola vía xudicial visibilízase a situación, actívase o proceso para investigar os feitos e poden poñerse en marcha todos os mecanismos de protección, asistencia e reparación.

Se presencias...

Cres que a vítima corre un perigo inmediato?
Cres que é necesaria unha actuación de urxencia?

- Contacta inmediatamente cos servizos de emerxencia – **112**
- Evita o risco. Garantir a túa propia seguridade e a da persoa que enfronta a violencia é o primordial.
- Busca axuda. Diríxete ás persoas que teñas ao teu arredor e pídelles apoio.
- Atende á persoa exposta á violencia. Sempre que sexa posible e non supoña un risco á túa propia seguridade, achégate á vítima para atendela o antes posible. Fala con ela e interésate polo seu benestar. Procura transmitirlle tranquilidade e seguridade.

E ti... podes denunciar os feitos?

Se ben deben **primar as decisións da persoa sometida á violencia**, se tes coñecemento ou presencias unha situación de violencia de xénero **ti tamén podes denunciar os feitos**. Ademais, se no desempeño do teu cargo, profesión ou oficio tes constancia dalgún tipo de delito (como é o caso da violencia de xénero no ámbito da parella), **tes a obriga legal de denuncialo**.

E se non percibes a necesidade dunha actuación de emerxencia?

- **Procura interromper a situación.** Sinala que acabas de presenciar o acontecido.
- **Solicita** á persoa que exerce a violencia **que cese o seu comportamento.**
- **Respecta as decisións da persoa sobre a que se exerce a violencia.** Diríxete cara ela e pregúntalle polo seu benestar, se a situación lle está incomodando e se a podes axudar.

Se rexeita o teu apoio porque...

- **Quere resolver a situación por si mesma.** Retírate, pero sigue prestando atención, por se cambia de opinión ou por se a violencia incrementa a súa intensidade.
- **Réstalle importancia á situación.** Indícalle que se trata dun comportamento machista e que non é tolerable. Faille saber que pode contar contigo para o que necesite.

Se acepta o teu apoio...

Intervención coa persoa agresora:

- **Evita o conflito.** Pola túa propia protección e da persoa exposta á violencia.
- **Móstralle desaprobación.** O importante é conseguir que cese a súa conduta. Se é posible e a persoa é receptiva, intenta explicarlle por que o seu comportamento é unha violencia machista.
- **Pide apoio.** Se non cesa o seu comportamento ou se reacciona agresivamente, solicita a presenza doutras persoas. De ser necesario, chama ao **112**.
- **Indícalle as consecuencias.** Faille saber que o seu comportamento será reportado á asociación.

Intervención coa vítima:

- **Arróupaa.** O máis importante é atendela e facerlle ver que non está soa.

- **Apóiaa e acompáñaa.** No caso de que queira emprender algunha acción ou medida, ofrécete a acompañala e a contactar cos servizos de asesoramento e asistencia especializados. Por exemplo, chamar ao **016** ou concertar unha cita no **CIM**.

Non revitimices. É importante que teñas en conta a capacidade de xestión da vítima, os seus desexos e a súas decisións.

E se a violencia que presencias ou che contan é de tipo sexual?

Naquelas situacións nas que se atenta directamente contra a liberdade sexual, ten que ser a propia vítima quen denuncie os feitos para que se poidan perseguir pola vía xudicial (excepto cando sexa menor de idade ou unha persoa con discapacidade que precise de especial atención, nestes casos debemos poñelo en coñecemento das autoridades competentes). Así, o teu papel nestes casos é apoiala.

Se os feitos acaban de acontecer, é importante que lle recomendes que non coma, non se lave, non beba, non mude a roupa, etc., para evitar que desaparezan probas biolóxicas. De acudir ao servizo médico faranlle un parte de lesións que lle servirá como proba no caso de que decida denunciar (pode facelo no propio hospital).

Se non quere actuar no momento, é importante que a respectes e non a xulgues. Móstralle o teu apoio e acompáñaa. Podes propoñerlle buscar asesoramento conxuntamente, por exemplo, chamando ao 016 ou concertando unha cita no CIM.

Se che contan...

Pensas que o risco que asume é grande? Tes medo do que lle poida acontecer? Mostra gravidade no seu relato?

- **Contacta cos servizos especializados.** Chama ao 016 ou contacta co CIM. Ambos servizos asesorarante sobre que podes facer e que lle podes recomendar facer a persoa que enfronta a violencia. Orientaranvos sobre servizos e recursos aos que vos podedes dirixir.
- **Denuncia.** Se ben debe primar a decisión da vítima, se tes coñecemento ou presencias un delito de violencia de xénero (exceptuando a violencia sexual), ti tamén podes denunciar os feitos. Ademais, se no desempeño do teu cargo, profesión ou oficio tes constancia dalgún tipo de delito (como é o caso de ambos), tes a obriga legal de denuncialo.

E se a vítima che fala dunha situación do pasado? Ou se a situación na que se atopa non supón un risco inmediato?

- **Escoita o seu relato.** Sen interrupcións e evitando indagar ou cuestionar as súas actitudes.
- **Non a culpabilices nin a xulgues.** Faille ver que ela non é a culpable, a culpa é sempre da persoa que agride.
- **Mostra empatía.** Afecto, comprensión e interese por ela e pola situación que che está a narrar.

  - **Apóiaa.** Lembra que o teu papel é acompañala e facerlle ver que non está soa nisto.
  - **Anímaa e acompáñaa na procura de apoio.** Podes propoñerlle chamar ao 016 ou ao CIM para recibir asesoramento. Tamén podes acompañala a formular unha denuncia nas dependencias das Forzas e Corpos de Seguridade, do Xulgado de Garda ou na Fiscalía en caso de que así o decida.
  - **Respecta as súas decisións e os seus tempos,** aínda que non esteas de acordo. Isto non te exime das túas responsabilidades: ti tamén podes denunciar os feitos.

Servizos públicos e gratuítos aos que podes acudir

EMERXENCIA E URXENCIA	
Emerxencias	112
Policía Nacional | UFAM (Unidade de Atención á Familia e Muller)	091
Policía Local	092
Urxencias Sanitarias	061
PAC (Punto de Atención Continuada)	981 170 359
Teléfono contra a trata con fins de explotación sexual	900 105 090
AlertCops (App da Policía e Garda Civil)	https://alertcops.ses.mir.es/mialertcops

INFORMACIÓN E ASESORAMENTO	
CIM do Concello da Coruña (Centro de Información ás Mulleres)	981 184 356
Oficina de Atención á Vítima e á Cidadanía (Xulgado)	981 185 258
Teléfono da Muller en Galicia	900 400 273
Teléfono de atención a todas as formas de violencia contra as mulleres	016 – 600 000 016 016-online@igualdad.gob.es SVIsual: http://www.svisual.org Telesor: https://www.telesor.es
Asesoramento xurídico online, EscApp e AgresiónOFF	http://igualdade.xunta.gal
Bildtec (Servizo de videointerpretación para persoas xordas da Xunta de Galicia)	https://www.xunta.gal/servizo-de-videointerpretacion-para-persoas-xordas

senviolenciasmachistas@coruna.gal

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña